



MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2010-2011

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Índice

Consello Escolar de Galicia

ÍNDICE

1.- Limiar	09
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	13
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.-1 Sesións plenarias.....	20
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	27
3.3 Comisións permanentes.....	29
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	47
3.5 Aprobación da memoria de actividades do curso	
2009-2010.....	49
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	52
5.- Ditames elaborados	59
6.- Participación en actos, congresos , reunións	75
7.- Resumo económico	79



Limiar

1

LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2010/2011 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno, Comisión Permanente e outras comisións constituídas, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais, na presentación de propostas e na organización de actividades abertas á comunidade educativa en xeral.



Composición do Consello Escolar

2



COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)

Odilo Barreiro Martínez (CIG)

Víctor Manuel Rodríguez Gesto (CCOO)

José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)

Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Xosé Marcial Comesaña Figueiras (CCOO)

Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)

Gerardo Moreno Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)

Virgilio Gantes Gómez (CONFAPA)

Elvira Lombao Vila (CONFAPA)

María Inés Gómez Otero (CONGAPA)

María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Azucena Rodríguez Amoroso (FAXEG)

Persoal de Administración e Servizos:

Elvira Patiño Ogea (CIG)

Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)

Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)

Marcelino Brea Mella (UGT)

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

Joaquín Pereira Somoza (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de MRPs)

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)

Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

José Luis Mira Lema

José Manuel Pinal Rodríguez

José Luis Vázquez Fernández

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Manuel Corredoira López

Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

Juan José Díaz Valiño

Juan García Fuentes

Camilo Forján Seoane

Ana María Garrido Rodríguez

José Manuel Domínguez Freitas

Francisco A. Veiga Romero

Manuel Taboada Vigo

María Socorro Cea Vázquez

Universidade:

Agustín Requejo Osorio

Miguel Anxo Santos Rego

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Genara Borrajo Borrajo

Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

María Dolores Rodríguez Amoroso

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006), o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente

Baixas e altas de membros no Consello:

No curso 2010-2011 tivo lugar a renovación por metades dos membros do Consello Escolar producíndose as seguintes substitucións publicadas no DOG do 18 de febreiro de 2011:

Baixa	Alta
Azucena Rodríguez Amoroso	Vacante
Elvira Patiño Ojea	Eduardo Freire Bragados
José Luís Fernández Díaz	David Mazaira Fernández
Juan García Fuentes	Mercedes Rosón Ferreiro
Camilo Forján Seoane	Arturo Díaz Díaz
Miguel Anxo Santos Rego	Antonio Vara Coomonte
Genara Borrajo Borrajo	Venancio Graña Martínez
María Dolores Rodríguez Amoroso	Pedro García Puig

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Virgilio Gantes Gómez

Daniel Barata Quintas

Juan García Fuentes

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Como consecuencia da renovación por metades dos membros do Consello Escolar produciuse unha substitución na composición da comisión permanente:

Baixa	Alta
Juan García Fuentes	Mercedes Rosón Ferreiro

Actividade do Consello Escolar

3



ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Durante o curso 2010-2011 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2010 ata o día 31 de agosto de 2011 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Asistencias ás sesións do pleno.
- Comisións permanentes.
- Asistencias ás sesións da comisión permanente.
- Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2009-2010.

3.1 SESIÓNS PLENARIAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2010-2011 en seis ocasións nas seguintes datas:

SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

28 de setembro de 2010

28 de xaneiro de 2011

23 de marzo de 2011

28 de abril de 2011

10 de maio de 2011

15 de xuño de 2011

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de setembro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 21'35	Asistentes	33 de 47 (70,21%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros educativos da C.A. de Galicia sostidos con fondos públicos.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.
- 5.- Ditame sobre o proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.
- 6.- Ditame sobre o proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Deseño na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.
- 7.- Ditame sobre o proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na C. A. de Galicia, e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente dá conta das altas e baixas que se produciron dende a última sesión do pleno.

Trátase a continuación o ditame sobre o proxecto de decreto polo que regula a formación do profesorado. Presentouse unha emenda á totalidade subscrita pola Coordinadora Galega de Movementsos de Renovación Pedagóxica á que se adheriron CCOO e CIG que non foi aprobada. Finalmente, logo de debate e aprobación e rexeitamento doutras emendas, non se aprobou o ditame.

A continuación trátase o ditame sobre o proxecto de decreto que figura no punto cuarto da orde do día. Apróbase o ditame sen inclusión de ningunha emenda.

Trátase tamén o ditame sobre o proxecto de decreto do punto 5 da orde do día. Apróbase o ditame sen inclusión de ningunha emenda.

No referente ao punto 6 da orde do día apróbase o ditame sen emendas.

O mesmo no referente ao punto 7 da orde do día: apróbase o ditame sen emendas.

Presentouse un rogo.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de xaneiro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 16'30 a 18	Asistentes	37 de 47 (78,72%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o anteproxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non habendo observacións apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que se iniciou o proceso de renovación dos membros do Consello.

Informa tamén de que xa está operativo no portal educativo un espazo específico para o Consello Escolar de Galicia.

En relación co ditame sobre o anteproxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa presentáronse emendas á totalidade polas organizacións: CCOO, Coordinadora Galega de MRP (Sr. Ramos), Federación Galega de MRP, UGT, Coordinadora Galega de MRP (Sra. Espiño), CIG, CONFAPA GALICIA e o Seminario de Estudos Galegos, solicitando a retirada do anteproxecto de lei. Foron votadas conxuntamente acordándose aprobar a emenda a totalidade conxunta.

Presentáronse un rogo e tres preguntas.

3	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	23 de marzo de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	26 de 46 (55,32%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Aprobación, se procede, da resolución da Xunta de Participación Autonómica sobre os resultados educativos dos varóns.
- 4.- Ditame sobre os seis (6) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:
 - Técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.
 - Técnico en xardinaría e floraría.
 - Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
 - Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
 - Técnico superior en dirección de cociña.
 - Técnico superior en dirección de servizos en restauración.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Preséntanse catro observacións á acta que son recollidas e a continuación é aprobada a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta dos cesamentos e nomeamentos producidos no seo do Consello Escolar como consecuencia da renovación por metades dos seus membros.

Informa así mesmo que se está a traballar na preparación do XXI Encontro de Consellos Escolares autonómicos e do Estado que este ano celebrarase na Comunidade Autónoma da Ríoxa e establece un calendario para a participación dos membros que o desexen.

Informa tamén do escrito presentado polo conselleiro Sr. Ramos sobre petición de datos á Consellería de Educación e OU referidos á avaliación de diagnóstico celebrada no ano 2009, que a Comisión Permanente tomou o acordo de solicitar eses datos á citada Consellería quen contesta que o informe sobre a devandita avaliación de diagnóstico está publicado na web.

Finalmente solicita a todos os membros interesados que acheguen unha fotografía co fin de elaborar un carné que sirva de credencial de pertenza ao Consello.

A continuación débátese e apróbase adherirse á resolución da Xunta de Participación Autonómica sobre os resultados educativos dos varóns.

En relación co ditame sobre os seis proxectos de decreto recollidos no punto 4 da orde do día apróbase o ditame coa inclusión de cinco emendas aprobadas na sesión plenaria.

Presentáronse dous rogos.

4	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	28 de abril de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19'10	Asistentes	29 de 46 (61,70%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os catro proxectos de decreto que se sinalan a continuación:
 - Proxecto de Decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Música, reguladas no Real Decreto 631/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Proxecto de Decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, reguladas no Real Decreto 635/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Proxecto de Decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Deseño, reguladas no Real Decreto 633/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Proxecto de Decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Arte Dramática, reguladas no Real Decreto 630/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas

TEMAS TRATADOS

O Sr. Vicepresidente saúda a todos e comenta que se cambia a forma de comprobación de asistencia, consiste en pasar unha folia para que asinen os presentes.

A continuación apróbase a acta por unanimidade.

O señor vicepresidente informa da marcha da organización dos XXI encontros de consellos escolares e que segue a tramitación de acordo co calendario que indicado.

Informa así mesmo de que o conselleiro Sr. Ramos presentou un novo escrito en relación coa avaliación de diagnóstico solicitando que o Consello Escolar se dirixa á Consellería de Educación e OU en demanda de novos datos referidos aos cuestionarios pasados ás direccións, ao profesorado e ás familias. A Comisión Permanente acordou tramitar a proposta.

Éntrase a continuación no debate sobre os proxectos que figuran no punto tres da orde do día.

En relación co primeiro proxecto de decreto apróbase o ditame coa inclusión de nove emendas aprobadas na sesión plenaria.

En relación co segundo proxecto de decreto apróbase o ditame.

En relación co terceiro proxecto de decreto apróbase o ditame coa inclusión de dúas emendas aprobadas na sesión plenaria.

En relación co cuarto proxecto de decreto apróbase o ditame.

Presentouse un rogo.

5	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	10 de Maio de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 17'50	Asistentes	26 de 46 (55,32%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os sete (7) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos dos títulos de formación profesional:
 - Técnico en carpintería e moble.
 - Técnico en elaboración de produtos alimentarios.
 - Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización.
 - Técnico en instalacións de produción de calor.
 - Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.
 - Técnico superior en proxectos de edificación.
 - Técnico superior en sistemas electrónicos e automatizados.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre o momento en que se encontra a elaboración de propostas para os XXI encontros de consellos escolares.

Éntrase a continuación no debate sobre os proxectos de decreto recollidos no punto tres da orde do día. A comisión permanente elaborou un ditame conxunto para os sete proxectos de decreto. Logo dun amplo debate acórdase aprobar o ditame coa inclusión de catro emendas que foron aprobadas na sesión plenaria.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de Xuño de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	De 16,45 a 20,30	Asistentes	28 de 46 (59,57%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2009-2010.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.
- 5.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Apróbase a acta por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre a situación do proceso da preparación dos XXI encontros de consellos escolares e que se remitirán as propostas que elabore a Comisión Permanente.

En relación coa memoria de actividades do consello do curso 2009-2010 non se presenta ningunha observación co cal elévase a definitiva.

No referente ao ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre procédese ao estudo do ditame e debate das emendas. Finalmente apróbase o ditame coa inclusión das emendas aprobadas na presente sesión.

En relación co ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación procédese ao estudo do ditame e debate das emendas. Finalmente apróbase o ditame coa inclusión das emendas aprobadas na presente sesión.

Presentáronse dous rogos.

3.2 Asistencia ás sesións de Pleno:

	28/09/10	28/01/11	23/03/11	28/04/11	10/05/11	15/06/11	Tot.
Astariz Castro, Manuel	A	A	A	-	A	A	5
Barata Quintas, Daniel	A	A	A	A	-	A	5
Barreiro Martínez, Odilo	A	A	A	A	-	A	5
Borrajo Borrajo, Genara	A	-					1
Graña Martínez, Venancio			A	A	A	-	3
Brea Mella, Marcelino	A	A	-	A	A	-	4
Campos Acedo, Consuelo	A	A	-	A	A	A	5
Cea Vázquez, M ^a Socorro	-	-	-	-	-	-	0
Comesaña Figueiras, Xosé Marcial	-	A	-	A	A	A	4
Corredoira López, Manuel	A	A	A	A	A	A	6
Costa Rico, Antón	A	A	-	-	-	A	3
Díaz Valiño, Juan José	-	-	-	-	-	-	0
Domínguez Freitas, José Manuel	-	A	-	-	-	-	1
Espiño Amil, Mercedes	A	A	A	A	-	A	5
Fernández Díaz, José Luis	A	A					2
Mazaira Fernández, David			A	A	-	-	2
Forján Seoane, Camilo	-	A					1
Díaz Díaz, Arturo			-	-	-	-	0
Francisco Mera, Armindo	A	-	-		A	-	2
Fuentes Fariña, José Manuel	A	A	A	A	-	-	4
Gantes Gómez, Virgilio	A	A	A	A	A	A	6
García Fernández, M ^a Paz	A	A	A	A	A	A	6
García Fuentes, Juan	-	-					0
Rosón Ferreiro, Mercedes			A	-	A	A	3
Garrido Rodríguez, Ana María	A	A	-		-	A	3
Gómez Farto, Raúl	A	A	A	A	A	-	5
Gómez Otero, M ^a Inés	A	A	A	-	A	A	5
Liñares Louzao, José Luis	A	A	A	A	A	-	5
Lombao Vila, Elvira	A	A	A	A	A	A	6
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel	-	A	A	-	A	A	4
Losada Aldrey, José Alejo	A	A	A	A	A	A	6
Louzao Rodríguez, Xesús Anxo	A	A	A	A	-	A	5
Martínez Reboiras, José Francisco	A	A	A	A	A	-	5
Mira Lema, José Luis	A	A	-	A	A	A	5
Moar Armas, José Antonio	A	A	A	A	A	A	6
Morano Díaz, Gerardo	A	A	-	A	A	A	5
Oitavén Barcala, Jesús	A	A	-	A	A	A	5
Patiño Ogea, Elvira	-	A					1
Freire Bargados, Eduardo			-	A	-	A	2
Pereira Somoza, Joaquín	A	A	A	A	A	A	6
Pinal Rodríguez, José Manuel	A	A	A	A	A	A	6
Pozo Andrés, Fernando del	A	A	A	A	A	A	6
Ramos Rodríguez, Xosé	A	A	A	A	A	-	5
Requejo Osorio, Agustín	A	A	-	-	-	A	3
Rodríguez Amoroso, Azucena Baixa	-	-					0
Rodríguez Amoroso, M ^a Dolores	-	-					0
García Puig, Pedro			-	-	-	-	0
Rodríguez Gesto, Víctor Manuel	A	A	A	A	-	A	5
Santos Rego, Miguel Anxo	A	A					2
Vara Coomonte, Antonio			A	A	A	A	4
Taboada Vigo, Manuel	-	-	-	-	-	-	0
Vega Núñez, Sara Inés	-	A	-	-	-	-	1
Veiga Romero, Francisco A.	-	-	-	-	-	-	0
Villarnovo Cova, Ángeles	-	-	-	-	-	-	0
Total	33	37	26	29	26	28	179

Asistencia ás sesións de pleno por colectivos:

Os representantes dos colectivos que se indica asistiron ás reunións do pleno do Consello Escolar de Galicia na porcentaxe que para cada colectivo se indica.

Profesores do Ensino Público:	83,33%
Profesores do Ensino Privado:	61,11%
Pais e Nais de Alumnos:	80,00%
Alumnos:	00,00%
Persoal de Administración e Servizos	25,00%
Titulares de Centros Privados	91,67%
Centrais Sindicais	72,22%
Organizacións Empresariais	91,67%
Profesores propostos polos MRPs	77,78%
Administración Educativa	88,89%
Administración Local	16,67%
Universidade	75,00%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	75,00%
Seminario de Estudos Galegos	50,00%
Consello da Xuventude de Galicia	00,00%

O conxunto dos membros do Consello asistiu a un total do 62,68% das sesións convocadas.

3.3 COMISIÓNS PERMANENTES

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2010-2011 en dezaseis ocasións nas seguintes datas:

REUNIÓNS DA COMUSIÓN PERMANENTE

9 de setembro de 2010

16 de setembro de 2010

20 de outubro de 2010

30 de novembro de 2010

21 de decembro de 2010

20 de xaneiro de 2011

26 de xaneiro de 2011

24 de febreiro de 2011

10 de marzo de 2011

17 de marzo de 2011

12 de abril de 2011

26 de abril de 2011

3 de maio de 2011

9 de maio de 2011

7 de xuño de 2011

21 de xuño de 2011

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	9 de setembro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Elaboración de ditame do proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado.
- 4.- Elaboración de ditames das seguintes ordes:
 - *Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.*
 - *Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.*
 - *Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.*
 - *Orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.*
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa das altas e baixas que tiveron lugar no Consello.

Estúdanse as emendas presentadas ao proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado. Elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo a todos os membros do pleno para a súa consideración.

Estúdanse as emendas presentadas aos proxectos de orde referidos no punto cuarto da orde do día. Elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo a todos os membros do pleno para a súa consideración.

Preséntase un rogo.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	16 de setembro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 16'30 a 17'30 horas	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame do proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado.
- 4.- Emendas aos ditames das ordes polas que se establecen os plans de estudos de ensinanzas artísticas superiores de:
 - *Grao en Música.*
 - *Grao en Arte dramática.*
 - *Grao en Deseño.*
 - *Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais.*
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que por motivos de axenda cambiouse a data do pleno.

Non se presentaron emendas ao ditame do proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado.

Tampouco presentáronse emendas ao ditame sobre as ordes referidas no punto catro da orde do día.

En consecuencia acórdase elevar os ditames ao pleno para o seu debate.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	20 de outubro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Propostas de posibles temas a incluír no informe sobre os idiomas que se lle vai a encargar ao Instituto de Ciencias da Educación.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior polo que se aproba por unanimidade.

En relación co informe sobre os idiomas que se vai encargar ao Instituto de Ciencias da Educación acórdase, logo do debate, que o informe ten que recoller as percepcións e valoracións dos diferentes sectores da comunidade escolar (profesores/as, alumnos/as, ANPAs) sobre a competencia comunicativa oral dos alumnos de secundaria obrigatoria.

O informe debería ser capaz de diagnosticar cales son os problemas existentes na aprendizaxe de idiomas.

Debería tamén identificar e analizar aquelas boas prácticas na ensinanza dos idiomas que pola súa calidade e excelencia poidan ser xeneralizables a outros centros ou lugares.

Ten que permitir sacar conclusións que permitan formular recomendacións e propostas que contribúan á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe dos idiomas.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	30 de novembro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Reflexións e propostas para o desenvolvemento do XXI Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que no portal educativo da Consellería de Educación xa figura o Consello Escolar de Galicia con toda a configuración que tiña no portal anterior e con novas incorporacións. Informa tamén que está en marcha a renovación por metades dos membros do Consello e que practicamente xa contestaron todas as organizacións.

En relación co punto segundo da orde do día informa que, logo de debater se convida a continuar ou non coa celebración dos mesmos, os XXI encontros serán organizados pola Comunidade Autónoma de Rioxa. Que o tema escollido irá referido ao profesorado e que existe xa un primeiro documento de traballo.

Para poder facer propostas do Consello facilítase a seguinte documentación:

1. Documento do Consello Escolar da Rioxa.
2. Acta da reunión de Teruel.
3. Correo do Consello Escolar da Comunidade de Madrid na que fai unha proposta de índice, moi similar ao que xa había.
4. Un documento do Consello Escolar de Euskadi no que presenta a súa proposta de índice e un documento sobre as competencias profesionais do profesorado do século XXI.

Acórdase estudalos e preparar a proposta do Consello Escolar de Galicia para debatela na próxima reunión da Comisión Permanente.

Presentouse un rogo.

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	21 de decembro de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 16 a 18	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Proposta do Consello para a reunión preparatoria dos XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que proximamente vai ter unha reunión co director do ICE para concretar a proposta de estudo sobre “A adquisición das linguas estranxeiras en Galicia: Percepcións do profesorado, alumnado e familias”.

En relación co punto terceiro da orde do día presentáronse dúas propostas e logo do seu estudo e debate acordouse que o Consello Escolar de Galicia propondrá o seguinte índice para o XXI encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.:

Documento I. El profesorado. Elemento clave para el éxito escolar.

1. Presentación.
2. La evidencia empírica disponible.
3. Estrategias para mejorar la calidad del profesorado.
 4. Selección.
 5. Formación.
 6. El acceso a la función docente.
 7. La evaluación.
 8. La remuneración y los incentivos económicos.
 9. El desarrollo profesional.
10. Conclusiones.

Documento II. Experiencias de las Comunidades Autónomas.

- Presentación.
- Las experiencias de las Comunidades Autónomas.
- Conclusiones.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	20 de xaneiro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Asuntos relativos ao XXI Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Informe sobre a situación e estado do sistema educativo: “A adquisición das linguas estranxeiras en Galicia: Percepcións do profesorado, alumnado e familias”.
- 5.- Ditame sobre o anteproxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre os pasos a seguir na tramitación da preparación dos XXI encontros sendo o máis salientable que cada Consello debe seleccionar dous ou tres documentos sobre o tema do profesorado e remitilos antes do día 10 de febreiro.

No referente ao punto cuarto da orde do día informa que xa está en marcha o informe que vai elaborar o ICE que vai tratar sobre “A adquisición das linguas estranxeiras en Galicia: Percepcións do profesorado, alumnado e familias”.

Ao anteproxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa presentáronse emendas por parte de ANPE, FSIE, Educación e Xestión, CCOO, Coordinadora Galega de MRP, Federación Galega de MRP, UGT, Confederación de Empresarios de Galicia, Federación Galega de Centros Privados, Coordinadora Galega de MRP, CIG, Confapa Galicia, Seminario de Estudos Galegos e CONGAPA.

No desenvolvemento da sesión foron véndose as diferentes emendas que se presentaron ao anteproxecto de lei e ao final elaborouse un ditame provisorio e acórdase remitilo a todos os membros do pleno para a súa consideración.

Non se presentaron dous rogos nin preguntas.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de xaneiro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre o anteproxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. vicepresidente informa sobre situación da organización dos XXI encontros que segue a tramitación prevista.

Non se presentaron emendas ao ditame provisorio e mantéñense para o debate no pleno todas as emendas presentadas inicialmente.

Acórdase elevar ao pleno o ditame provisorio para o seu debate.

Presentáronse dous rogos.

8	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	24 de febreiro de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Propostas para a reunión preparatoria dos XXI Encontros Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Preséntase unha observación á acta da sesión anterior que logo de modificada é aprobada por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta de altas e baixas de membros do Consello Escolar como consecuencia da renovación por metades que ven de realizarse.

En relación co tema dos XXI encontros o Sr. Vicepresidente comenta que hai prevista unha reunión preparatoria dos encontros o día 3 de marzo.

Por correo electrónico avanzáronse dous documentos para esta reunión. Un deles só contén os títulos dos documentos que foron propostos polos diferentes consellos escolares, que deben cumprir dúas condicións: temáticos, cingirse aos contidos que se acordaron; científico, estar fundamentado en evidencias científicas, non en opinións.

O outro documento que se enviou por correo electrónico é o relativo as preguntas que foron formuladas polos diferentes consellos escolares sobre o tema do profesorado. Estas preguntas servirán de base para elaborar as propostas de mellora que os consellos trasladarán ás Administracións educativas.

A continuación procédese a ver as preguntas que se foron formulando e se vai comentando cales son as máis interesantes para ter en conta na nova reunión. Nela tratarase de facer unha selección daquelas que sexan máis importantes de cara ao debate.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

9	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	10 de marzo de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,10	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os seis (6) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa sobre o estudo que está a realizar o ICE sobre as linguas estranxeiras. Neste momento xa está definida a mostra, xa se elaboraron as enquisas e vanse a enviar aos centros públicos e privados que forman parte da mostra.

O Sr. Vicepresidente informa así mesmo que asistiu á reunión preparatoria dos referidos encontros que tivo lugar a semana pasada en Málaga. Na reunión acordouse seleccionar os 5 documentos que se entregan. Estes documentos formarán parte do documento 1 dos encontros. Ábrese un prazo para formular preguntas sobre os distintos temas e a pretensión é conseguir a máxima participación dos Consellos. Os documentos terán un percorrido de ida e volta para facilitar a participación.

Agora cómpre ler os documentos e facer propostas de preguntas. A temática sobre a que facer preguntas é: a selección, a formación inicial, a formación permanente, a avaliación e o desenvolvemento profesional.

Informa tamén da solicitude do señor Ramos, membro do consello, de abordar os resultados da Avaliación Diagnóstica que afecta ao Sistema Educativo Galego efectuada o pasado 21 de outubro de 2009.

Finalmente informa do acordo da Xunta de Participación Autonómica que aprobou un documento sobre a os resultados educativos dos varóns e acordou remitilo ao Ministerio de Educación e solicitar dos Consellos Escolares Autonómicos o seu debate e no caso da súa a aprobación a remisión ao correspondente órgano de goberno. Apróbase remitilo ao Pleno do Consello para a súa consideración.

En relación co referido no punto terceiro da orde do día estudáronse as emendas presentadas e elaborouse un ditame provisorio que se remite a todos os membros do pleno para a formulación das emendas que estimen oportunas.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

10	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	17 de marzo de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre os seis (6) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co tema dos XXI Encontros de consellos escolares acórdase que se dea participación aos membros do pleno para que quen o desexe aporte as preguntas que lle parezan oportunas en relación coa selección, a formación inicial, a formación permanente, a avaliación e o desenvolvemento profesional do profesorado.

En relación coa pregunta formulada polo señor Ramos sobre a Avaliación diagnóstica acordouse trasladar ao pleno que a comisión permanente valorou esa proposta e acordou darlle a información aos membros do pleno para que poidan facer as propostas que estimen oportunas polas canles legais.

No referente ao punto terceiro da orde do día non se presentaron emendas ao ditame provisorio polo que se acorda elevalo ao pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

11	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	12 de abril de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas aos catro (4) proxectos de decretos polos que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao de ensinanzas de réxime especial.
- 4.- Selección de preguntas relativas aos cinco apartados sobre a temática de “formación do profesorado” - XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación co punto terceiro da orde do día o Sr. Vicepresidente comenta que se presentaron emendas aos proxectos de decreto por parte de CIG, CCOO e CECE.

Estúdanse e débátese as emendas presentadas e elabóranse os ditames provisorios correspondentes que son remitidos aos membros do pleno para que poidan formular as emendas que consideren oportunas.

No referido ao punto cuarto estúdanse e débátese as preguntas formuladas sobre o profesorado e apróbase remitir ao consello organizador a relación de preguntas seleccionadas neste acto.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

12	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de abril de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas aos ditames de cada un dos catro (4) proxectos de decretos polos que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao de ensinanzas de réxime especial.
- 4.- Escrito que presenta o Sr. Ramos en relación cos resultados da Avaliación Diagnóstica do ano 2009 que afecta ao Sistema Educativo Galego.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comunica que se enviaron as preguntas propostas ao Consello Escolar da Ríoxa e ao Consello Escolar do Estado. Agora teñen que agrupalas coas do resto de consellos e logo enviarán as seleccionadas.

Acórdase envalas por correo electrónico aos membros da comisión permanente e poñelas no espazo que ten o Consello no portal educativo para que teñan acceso as mesmas tódolos membros do pleno.

O Sr. Vicepresidente comenta que non se presentaron emendas aos ditames. Elévase a definitivo o ditame elaborado e acórdase elevalo ao pleno para a súa consideración.

O Sr. Vicepresidente le o escrito presentado polo Sr. Ramos en relación coa avaliación diagnóstica. Pide varias cousas, en primeiro lugar, que se convoque un pleno para analizar os datos existentes. Logo pide que se solicite á Administración que complete os datos existentes coa información dos cuestionarios pasados ás direccións, ao profesorado e ás familias. Por último pide que se elabore un primeiro borrador de posibles conclusións para o pleno.

O Sr. Moar comenta que o procedemento de tramitación debería ser desta forma, o primeiro punto debería ser pedir información á Administración, logo unha vez se ten a información se elabora o borrador. Posteriormente créase unha comisión na que debe estar o Sr. Ramos e como remate lévase ao pleno.

Todos os membros están de acordo en que se solicite información á Administración sobre os datos que figuran no punto 2 do escrito.

Tamén se está de acordo en que se poña en marcha unha das comisións das que xa están constituídas e na que participe o Sr. Ramos. A comisión elaboraría un documento (primeiro o borrador de conclusións) que posteriormente se levaría ao pleno. O pleno podería ser específico para tratar ese tema ou podería ser un punto dos que trataría nunha sesión do pleno.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

13	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	3 de maio de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os sete (7) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comunica que se está á espera de que chegue a selección de preguntas realizada polo consello organizador sobre o tema de profesorado. Comenta que se pode ir pensando nas posibles respostas ás preguntas e nas propostas.

No referente ao punto terceiro da orde do día o Sr. Vicepresidente comenta que se presentaron 40 emendas, 28 de CIG, 7 de CCOO e 5 de UGT. Delas 18 son de adición, 14 de substitución, 2 de supresión e 6 recomendacións.

Debátense as emendas aos distintos decretos e ao remate da sesión elabórase o ditame provisorio que se remite aos membros do pleno para que formulen as emendas que consideren oportunas.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

14	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	9 de maio de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre os sete (7) proxectos de decretos polos que se establecen os currículos de novos títulos de formación profesional.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente comunica que xa se recolleron nun documento todas as preguntas formuladas polos consellos escolares. Este documento publicarase na páxina web do Consello e darase información diso no pleno de mañá para que todos os membros poidan facer as propostas que lles pareza oportuno de acordo cos cinco temas previstos.

En relación con estas segundas reunións da comisión permanente para ver as emendas que se presentan aos ditames, acórdase que quedará condicionada a súa convocatoria a que realmente existan emendas ao ditame.

No referente ao punto terceiro da orde do día non se presentaron emendas ao ditame provisorio polo que se acorda elevalo a definitivo e remitilo ao pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

15	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	de Xuño de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,50	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2009-2010.
- 4.- Emendas ao proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.
- 5.- Emendas ao proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que aínda está aberto o prazo para enviar propostas para os XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.

Comenta que cómpre fixar unha data para ter unha reunión da comisión permanente para debater as achegas ou ben, se non hai, para facer propostas nesa reunión.

Acórdase convocar unha reunión o próximo día 21 de xuño.

No referente ao tema de memoria de actividades atópase correcta e acórdase remitila ao pleno para a súa consideración.

No referente ao proxecto de decreto referido no punto cuarto da orde do día presentáronse cinco emendas. Son estudadas e debatidas elaborándose un ditame provisorio e acórdase remitilo aos aos membros do pleno para que formulen as emendas que consideren oportunas. Acórdase así mesmo que de non haber emendas ao ditame elevarase ao pleno para a súa consideración.

No referente ao proxecto de decreto sinalado no punto quinto da orde do día presentáronse 112 emendas. Son estudadas e debatidas elaborándose un ditame provisorio e acórdase remitilo aos membros do pleno para que formulen as emendas que consideren oportunas. Acórdase así mesmo que de non haber emendas ao ditame elevarase ao pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

16	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	21 de xuño de 2011	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,15	Asistentes	7 de 7 (100%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Elaboración de propostas en relación aos cinco apartados sobre a temática de “formación do profesorado” - XXI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de que está prevista unha reunión de presidentes de consellos escolares en San Sebastián na que, entre outras, trataranse as propostas dos Consellos Escolares Autonómicos e do Estado en relación co tema dos XXI Encontros.

Comenta así mesmo, que no prazo previsto ata o 15 de xuño non se ten enviado ningunha proposta á Secretaría deste Consello.

A continuación e tal e como se quedara na anterior reunión cada un dos membros da Comisión Permanente foron comentando as cuestións que lle parecían máis oportuno incluír no documento que hai que enviar antes de finalizar o mes de xuño ao Consello Escolar do Estado e ao Consello Escolar da Ríoxa.

Logo de comentar as propostas acórdase que por parte de cada un dos propoñentes faga unha redacción das mesmas e se envíen ao enderezo electrónico do Consello.

O Sr. Vicepresidente comprométese a incorporalas nun documento definitivo, que siga o esquema inicialmente asumido por todos os consellos escolares autonómicos, e posteriormente envíalo aos consellos escolares xa citados.

Non se presentaron rogos nin preguntas.



3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Asistencia ás sesión da Comisión Permanente								
	Fernando del Pozo Andrés	Alejo Losada Aldrey	Raúl Gómez Farto	José A. Moar Armas	Virgilio Gantes Gómez	Daniel Barata Quintas	Juan García Fuentes/Merc edes Rosón Ferreiro	Total
09/09/10	A	A	A	A	A	A	-/	6
16/09/10	A	A	A	A	A	A	-/	6
30/10/10	A	A	A	A	A	A	-/	6
30/11/10	A	A	A	A	-	A	-/	5
21/12/10	A	A	A	A	-	A	-/	5
20/01/11	A	A	A	A	A	A	-/	6
26/01/11	A	A	A	A	A	A	-/	6
24/02/11	A	A	A	A	-	A	/-	5
10/03/11	A	A	A	A	-	A	/A	6
17/03/11	A	A	A	A	A	A	/-	6
12/04/11	A	A	A	A	A	A	/-	6
26/04/11	A	A	A	A	-	A	/A	6
03/05/11	A	A	A	A	A	A	/-	6
09/05/11	A	A	A	A	A	-	/-	5
07/06/11	A	A	A	A	A	A	/A	7
21/06/11	A	A	A	A	A	A	/A	7
Total	16	16	16	16	11	15	4	94



3.5 APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2009-2010.

Na sesión do pleno do Consello Escolar de Galicia, celebrada o día 15 de xuño de 2011, aprobouse a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2009-2010.



Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

4



COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellora-la calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensa-las desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ó estudio de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

l) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 1 anteproxecto de lei, 20 proxectos de decreto e 4 proxectos de orde durante o curso 2010-2011.

Estes proxectos son os seguintes:

1º.- Anteproxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa.

2º.- Proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros educativos da comunidade autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.

3º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en electromecánica de vehículos automóviles

4º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en xardinaría e floraría.

5º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

6º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.

7º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en dirección de cociña.

8º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en dirección de servizos en restauración.

9º.-Proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Música, reguladas no Real Decreto 631/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

10º.- Proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, reguladas no Real Decreto 635/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

11º.- Proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Deseño, reguladas no Real Decreto 633/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

12º.- Proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de Grao en Arte Dramática, reguladas no Real Decreto 630/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

13º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en carpintería e moble.

14º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en elaboración de produtos alimentarios.

15º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización.

16º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico en instalacións de produción de calor.

17º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.

18º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en proxectos de edificación.

19º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do título de formación profesional de Técnico superior en sistemas electrónicos e automatizados.

20º.- Proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

21º.- Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

22º.- Proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Música na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

23º.- Proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

24º.- Proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Deseño na C. A. de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

25º.- Proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na C. A. de Galicia, e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.

Ditames elaborados

5



DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2010-2011

Foron realizados 13 ditames.

Once de forma singular para 7 proxectos de decreto e 4 proxectos de orde e dous de forma conxunta para 13 proxectos de decreto. En relación co anteproxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa aprobouse unha emenda á totalidade formulada conxuntamente por varias organizacións que pedía a retirada do anteproxecto de lei.

Os once ditames realizados de xeito singular son os seguintes:

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A PLANIFICACIÓN, ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO DOS CENTROS EDUCATIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Sometido a consideración do Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de setembro de 2010, o proxecto de decreto polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, acorda non propoñer modificacións en relación co referido proxecto.

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN ARTE DRAMÁTICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO AO DITO GRAO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de setembro de 2010, emite o seguinte ditame en relación coa orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado no artigo 7º co seguinte texto: **“f) As e os estudantes poderán obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades culturais, artísticas e de representación estudiantil”**. *Páxina 3, liña 46.*

2.- No artigo 14º propónse a substitución da verba: “**secretaria**”, por: “**secretaría**”.
Páxina 6, liña 30.

3.- Para o punto 1 do artigo 15º, propónse a supresión da verba: “**ou**”, que vai despois de: “**Os/as alumnos/as**”. *Páxina 6, liña 42.*

4.- Para o punto 2 do artigo 21º, propónse unha nova redacción co seguinte texto: “**2. O sistema de acceso constará dunha única proba que comprenderá un exercicio, referido á especialidade pola que opten, o cal se determinará nos apartados seguintes:** “. O resto continúa igual. *Páxina 9, liñas 3 a 9.*

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN MÚSICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO AO DITO GRAO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 9 de setembro de 2010, emite o seguinte ditame en relación coa orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanza artísticas superiores de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado no artigo 7º co seguinte texto: “**f) As e os estudantes poderán obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades culturais, artísticas e de representación estudantil**”. *Páxina 3, liña 45.*

2.- No cadro do Anexo I que se refire á especialidade: interpretación, itinerario: guitarra, propónse a supresión da materia obrigatoria común: piano aplicado para instrumentista. *Páxina 17.*

3.- No Anexo I, propónse a substituír tamén a puntuación en todas as especialidades, agás jazz e composición, das materias de *Análise* e de *Harmonía/Contrapunto*. A puntuación resultante será:

- *Análise*: 2 créditos por cuadrimestre en 1º e 2º curso, cun total de 8 créditos e un total de 1,5 horas semanais.
- *Harmonía/Contrapunto*: 2 créditos por cuadrimestre en 1º e 2º curso, cun total de 8 créditos e total de 1,5 horas semanais.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN DESEÑO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO AO DITO GRAO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de setembro de 2010, emite o seguinte ditame en relación coa orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanza artísticas superiores de grao en deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

Punto único: O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado no artigo 7º co seguinte texto: **“f) As e os estudantes poderán obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades culturais, artísticas e de representación estudantil”**. *Páxina 3, liña 53.*

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAI NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO ÁS DITAS ENSIANZAS.

Sometido a consideración do Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de setembro de 2010, o proxecto de orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanza artísticas superiores de grao en conservación e restauración de bens culturais na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ás ditas ensinanza, **acorda non propoñer modificacións** en relación co referido proxecto.

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN ARTE DRAMÁTICA, REGULADAS NO REAL DECRETO 630/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanza artísticas superiores de grao en arte dramática, reguladas no Real Decreto 630/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: **“2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin estableza a Consellería competente en materia de educación”**. (Páxina 8, liñas 171 a 175).

2.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: **“2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da Arte Dramática nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico”**. (Páxina 11, liña 248).

3.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: **“mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos”**. (Páxina 12, liña 272).

4.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Música, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: **“ T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural galego e universal, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”**. (Páxina 22, liña 350).

5.- O Consello Escolar de Galicia recomenda que se elaboren regulamentos específicos para os centros superiores de ensinanzas artísticas, entre os que se atopa a Escola Superior de Arte Dramática.

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN MÚSICA, REGULADAS NO REAL DECRETO 631/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en música, reguladas no Real Decreto 631/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que se engada no punto 2 do artigo 4, o seguinte texto ao final do parágrafo: **“e Dirección de Orquestra”**. (Páxina 5, liña 91).

2.- No artigo 5, punto 6, propónse a substitución da expresión: **“40%”**, pola seguinte: **“50%”**. (Páxina 6, liña 118).

3.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: **“2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin estableza a Consellería competente en materia de educación”**. (Páxina 8, liñas 157 a 159).

4.- Para o punto 2 do artigo 9, propónse a adición da verba en negriña: **“2. A avaliación será continuada, diferenciada por disciplinas e terá un carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de estudos. A avaliación do **Concerto/traballo fin** de grao será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das disciplinas que integran o plan de estudos”**. (Páxina 8, liña 173).

5.- No punto 4 do mesmo artigo 9, propónse a supresión do texto en negriña: **“4. A obtención dos créditos correspondentes a unha disciplina requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames. **No caso de disciplinas consideradas de contidos progresivos, o alumno ou alumna, non poderá ser avaliado ou avaliada en tanto non teña superada a disciplina do mesmo nome e descriptor de cuadrimestre ou cuadrimestres anteriores, na orde correspondente”****. (Páxina 9, liñas 179 a 183).

6.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: **“2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da Música nos seus diferentes ámbitos, **así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico”****. (Páxina 11, liña 225).

7.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: **“**mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos”****. (Páxina 12, liña 249).

8.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Música, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: **“T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural **galego e universal**, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”**. (Páxina 31, liña 337).

9.- Para o descriptor da disciplina Antropoloxía cultural de Galicia, especialidade de interpretación/instrumentos da música tradicional e popular de Galicia. Musicoloxía/Etnomusicoloxía, propónse un novo texto, que diga: **“**Adquisición de coñecementos sobre as distintas dimensións da cultura galega, con especial atención ás claves comportamentais e simbólicas, así como, a creación dunha conciencia de Galicia como unha realidade cultural, socioeconómica, con identidade de seu. Análise da realidade galega contemporánea desde os procedementos da antropoloxía cultural”****. (Páxina 47, liña 549).

10.- O Consello Escolar de Galicia recomenda que se elaboren regulamentos específicos para os centros superiores de ensinanza artística, entre os que se atopan os Conservatorios Superiores.

11.- Tamén recomenda que se unifiquen a convocatorias extraordinarias LOXSE e LOE en setembro, para facilitar a organización pedagóxica e administrativa.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN DESEÑO, REGULADAS NO REAL DECRETO 633/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en deseño, reguladas no Real Decreto 633/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón un texto de adición para o punto 1 do artigo 2, que diga: “**..., así como os centros docentes privados autorizados para a súa impartición**”. (Páxina 3, liña 58).

2.- No artigo 5, punto 1, propónse a substitución do texto: “... o artigo 54.2 da Lei”; polo seguinte: “... o artigo 57.2 da Lei”. (Páxina 5, liña 106).

3.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: “**2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin estableza a Consellería competente en materia de educación**”. (Páxina 8, liñas 168 a 172).

4.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: “**2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias do Deseño nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico**”. (Páxina 11, liña 241).

5.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: “**mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos**”. (Páxina 12, liña 265).

6.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Deseño, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: “ T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural **galego e universal**, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”. (Páxina 15, liña 339).

7.- O Consello Escolar de Galicia propón que se contemple nos planos de estudo das catro especialidades as materias de formación básica co mesmo número de créditos, a mesma denominación e situadas no mesmo curso.

8.- Tamén propón que se inclúa na materia Linguaxe e técnicas de representación e comunicación a disciplina (ou disciplinas independentes) de fotografía e medios audiovisuais en todas as especialidades, en primeiro curso ou noutro curso.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECEN AS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BEN CULTURAI, REGULADAS NO REAL DECRETO 635/2010, DE 14 DE MAIO, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establecen as ensinanzas artísticas superiores de grao en conservación e restauración de bens culturais, reguladas no Real Decreto 635/2010, de 14 de maio, na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- No artigo 7, propónse a supresión do seguinte punto: **“2. Os centros educativos determinarán que disciplina ou disciplinas haberán de impartirse nunha lingua estranxeira para garantir a adquisición da competencia transversal correspondente, seguindo as directrices que a tal fin estableza a Consellería competente en materia de educación”**. (Páxina 8, liñas 186 a 190).

2.- Na disposición adicional segunda, punto 2, propónse que se engada o texto que figura en negriña: **“2. Asemade, a Consellería competente en materia de Educación, a proposta dos centros, desenvolverá plans de formación do profesorado para a actualización e afondamento das disciplinas propias da Conservación e Restauración de Bens Culturais nos seus diferentes ámbitos, así como formación concreta en galego, con coñecemento do vocabulario específico”**. (Páxina 12, liña 266).

3.- Na disposición adicional quinta, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: **“mantendo os cadros de persoal actuais ou aumentándoos”**. (Páxina 13, liña 291).

4.- No apartado de competencias transversais do Título de Graduado ou Graduada en Conservación e Restauración de Bens Culturais, competencia T.17, propónse a inclusión do texto que está en negriña: **“ T.17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural galego e universal, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos”**. (Páxina 16, liña 368).

5.- O Consello Escolar de Galicia recomenda que se elaboren regulamentos específicos para os centros superiores de ensinanzas artísticas, entre os que se atopan a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DAS ENSINANZAS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO E TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO LIBRE.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de xuño de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

1.- O Consello Escolar de Galicia considera que, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, debería propiciarse a recompilación e publicación dos vocabularios galegos das distintas ensinanzas deportivas de réxime especial, dispoñéndose que ditos vocabularios sexan remitidos ós centros educativos con obxecto da súa inclusión nas actividades formativas das correspondentes ensinanzas.

2.- Tamén propón que se inclúa un artigo indicando que módulos deben ser de obrigada impartición en galego para que se cumpra a lexislación vixente.

3.- No artigo 18, relativo ás ratio profesorado/alumnado, propónse a substitución da expresión: “a relación profesorado/alumnado será de 1/30”; pola seguinte: “a relación do profesorado/alumnado será de 1/20”.

--- 000 ---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS QUE SE IMPARTEN AS ENSINANZAS ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DE 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de xuño de 2011, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

1.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que faga unha comarcalización dos Equipos de Orientación Específicos que contemple a creación de máis dun equipo por provincia tendo en conta as diferenzas que existen entre as provincias de A Coruña e Pontevedra con respecto ás de Lugo e Ourense. Así mesmo, que existan departamentos de orientación en todos os centros completos.

Tamén lle recomenda que no desenvolvemento normativo deste decreto se contemple o incremento de medios persoais, tanto de orientadores docentes como doutros

profesionais con outro perfil. Así como a dotación de persoal administrativo nos centros de educación primaria.

2.- O Consello Escolar, tendo en conta que o criterio xeral debe ser que o alumnado con necesidades específicas ten que ser escolarizado nas aulas ordinarias, demanda que todos os centros escolares contén coa dotación suficiente de profesorado e recursos para a atención á diversidade, para facer factible a escolarización de todo o alumnado no centro que lle corresponda.

3.- O Consello Escolar bota de menos que non se recolla nada respecto das coidadoras e das súas funcións nos centros educativos. Séguese na indefinición actual sen recoñecer o carácter educativo do seu traballo. Estes profesionais realizan un importantísimo labor co alumnado máis discapacitado. Grazas a elas poden estar nos centros educativos.

4.- O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que na orde que desenvolva este decreto recolla a redución das ratios nas aulas que escolaricen alumnado con necesidades educativas específicas, a dotación suficiente de orientadores/as e profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, así como doutros profesionais.

5.- No terceiro parágrafo do preámbulo propónse a inclusión da expresión: “**dende a educación infantil**”, a continuación do seguinte texto: “... e recursos precisos para identificar de forma temperá”. *Páxina 1, liñas 26 e 27.*

6.- No duodécimo parágrafo do preámbulo, propónse o texto de adición que figura en negriña: “No segundo, de actuacións e medidas de atención á diversidade, establécese o marco das actuacións xerais, tanto da administración educativa coma dos centros docentes, así como o marco das medidas de atención á diversidade, **que asegura un sistema de educación inclusiva a todos os niveis, e no Plan de acción integral para as persoas con discapacidade para Galicia (2010-2013), onde se sinala que hai que garantir aos nenos e nenas con discapacidade unha educación inclusiva, e unha escolaridade en igualdade de condicións có resto de nenos e nenas, en resposta a un dereito fundamental**, diferenciando entre as ordinarias e as extraordinarias, rematando o capítulo co tratamento do plan xeral de atención á diversidade, en canto documento destinado á articulación en cada centro da atención á diversidade”. *Páxina 3, liñas 17 a 21.*

7.- No artigo 1, propónse a inclusión da expresión: “, **intelectual, emocional**”, a continuación de: “coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal”. *Páxina 4, liña 15.*

8.- Para o artigo 4, punto 2, propónse que se engada a seguinte expresión ao final do parágrafo: “**preferentemente nos contextos ordinarios de escolarización**”. *Páxina 4, liña 33.*

9.- Nese mesmo artigo, punto 7, propónse que se engada o seguinte texto ao final do parágrafo: “**e cooperarán, coa súa implicación, no labor educativo e na compensación de necesidades educativas especiais**”. *Páxina 5, liña 8.*

10.- O Consello Escolar recomenda á Administración educativa que estableza un prazo para adecuar os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal.

11.- No artigo 5, propónse a inclusión dun novo punto co seguinte texto: **“6. Impulsar a formación de todo o profesorado na atención a alumnado de necesidades educativas específicas”**. *Páxina 5, liña 30.*

12.- No punto 2 do artigo 8, propónse a inclusión dun novo apartado h) bis, co seguinte texto: **“Agrupamentos flexibles”**. *Páxina 7, liña 2.*

13.- Nese mesmo punto do artigo 8, propónse a inclusión dun novo apartado m), co seguinte texto: **“A oportuna redución de alumnos/as por aula”**. *Páxina 7, liña 7.*

14.- Para o punto 2 do artigo 9, propónse unha nova redacción, que diga: **“Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación”**. *Páxina 7, liñas 15 a 18.*

15.- No mesmo artigo 9, punto 3, propónse a supresión do seguinte texto: **“Agrupamentos flexibles”**. *Páxina 7, liña 23.*

16.- Nese mesmo punto 3, propónse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: **“Programas de cualificación profesional inicial (PCPI)”**. *Páxina 7, liña 30.*

17.- No punto 1 do artigo 11, propónse a adición do seguinte texto: **“ou os recursos equivalentes nos centros privados concertados,”**, inmediatamente despois do texto: **“Os departamentos de orientación”**. *Páxina 8, liña 2.*

18.- Así mesmo, recoméndalle que, en aras a melloralas redacción dos textos dos artigos 11.1, 13.2, 15, 17.3, 38.2, 38.3 e 38.4, substitúa a expresión: “en base a..”, pola seguinte expresión galega máis apropiada: **“de acordo co...”**.

19.- Para o punto 2 do artigo 11, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“O plan xeral de atención á diversidade será aprobado polo claustro e ratificado polo consello escolar”**. *Páxina 8, liñas 5 e 6.*

20.- No punto 7 do artigo 20, propónse a substitución da expresión: “formación profesional complementaria”, pola seguinte: **“formación profesional adaptada”**. *Páxina 11, liña 32.*

21.- Nese mesmo artigo, no punto 9, propónse a substitución da expresión: “poderán constituírse como”, pola seguinte: **“terán como finalidade tamén o ser”**. *Páxina 11, liña 40.*

22.- No artigo 25, propónse unha nova redacción para o punto 4: **“Será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a quince días. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao**

centro de catro ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de tres meses". *Páxina 14, liñas 7 a 11.*

23.- O Consello Escolar de Galicia propón a supresión do punto 1 do artigo 31. Como consecuencia os puntos 2 e 3 pasarían a ser os puntos 1 e 2. *Páxina 15, liñas 30-35.*

24.- No título do artigo 33, propónse que se engada ao final a seguinte expresión: "desde a educación infantil". *Páxina 16, liña 12.*

25.- Para o punto 3 do artigo 36, propónse a adición do seguinte texto: "**ou ao cargo equivalente nos centros privados concertados,**", inmediatamente despois do texto: "corresponderá á xefatura do departamento de orientación do centro". *Páxina 17, liña 37.*

26.- No punto 2 do artigo 37, propónse a substitución da expresión: "poderá dotar"; pola seguinte: "**dotará**". *Páxina 18, liña 21.*

27.- Propónse que no punto 2 do artigo 38 se engada ao final do parágrafo o seguinte texto: "**e alumnado afectado**". *Páxina 18, liña 33.*

*28.- Así mesmo, no punto 3 dese mesmo artigo, propónse a substitución da expresión: "poderá realizar"; polo seguinte: "**realizará**".* *Páxina 18, liña 38.*

--- 000 ---

Os dous ditames realizados de xeito conxunto para 13 proxectos de decreto son nos seguintes:

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- 1.- Técnico en electromecánica de vehículos automóbiles.
- 2.- Técnico en xardinaría e floraría.
- 3.- Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
- 4.- Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
- 5.- Técnico superior en dirección de cociña.
- 6.- Técnico superior en dirección de servizos en restauración.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 23 de marzo de 2011, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de seis novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e

profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.

- Así mesmo, recoméndalle que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
- Tamén recomenda á Administración educativa para que adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Para o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma o Consello Escolar propón a redución dos metros cadrados do laboratorio e os equipamentos mínimos.
- No artigo 5º do currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web, propónse a adición do texto que aparecen en negra en cada un dos seguintes apartados: a), m) e n)
 - a) Configurar e explotar sistemas informáticos, adaptando a configuración lóxica do sistema segundo as necesidades de uso e os criterios establecidos **buscando sempre a galeguización de sistemas, aplicacións e software.**
 - m) Completar plans de probas e verificar o funcionamento dos compoñentes de software desenvolvidos, segundo as especificacións **traballar para que este software teña versións en galego.**
 - n) Elaborar e manter a documentación dos procesos de desenvolvemento, utilizando ferramentas de xeración de documentación e control de versións **na lingua galega.**
- No anexo II do currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles, propónse a inclusión no cadro de equipamentos mínimos, os seguintes:
 1. **Equipamentos de diagnose e reseteado de unidades electrónicas.**
 2. **Equipamento de adestramento de circuitos hidráulicos e pneumáticos.**
 3. **Equipamentos de diagnose con cablería para OBD e caixas de bornas.**
- Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.**

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1. Técnico en carpintería e moble
2. Técnico en elaboración de produtos alimentarios
3. Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización
4. Técnico en instalacións de produción de calor
5. Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria
6. Técnico superior en proxectos de edificación.
7. *Técnico superior en sistemas electrónicos e automatizados*

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 10 de maio de 2011, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de sete novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
- Tamén recomenda á Administración educativa para que adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Así mesmo, recoméndalle que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
- Para o punto 1 do artigo 8º, do currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“As industrias alimentarias galega e española afrontan o reto de aumentar a súa competitividade ante a internacionalización dos mercados e a globalización da economía”**.
- Nese mesmo artigo, no seu punto 5, propónse a adición do texto que figura en negriña: “Un grande número de empresas alimentarias está a enfocar a actividade á produción e a **potenciación** de produtos **galegos** de calidade, asociados a denominación de orixe...”.
- Para o punto 1 do artigo 8º, do currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en elaboración de produtos alimentarios, propónse a adición do texto en negriña: “A industria agroalimentaria ocupa unha posición importante no sector industrial **galego**, español e da Unión Europea.”.

-
- Para o punto 4 dese mesmo artigo, proponse que se engada ao final do parágrafo o seguinte texto: **“e a elaboración e potenciación de produtos galegos de calidade.”**.
 - *Para todos os decretos proponse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.*

Participación en actos, congresos, reunións

5



REPRESENTACIÓN NOS SEGUINTEs EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos que a continuación se sinalan:

Reunión da Comisión Permanente do Observatorio de convivencia celebrada en Santiago de Compostela o día 17 de decembro de 2010 co fin de iniciar a tramitación do estudo do anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.

Apertura do curso académico na Universidade da Coruña o día 20 de setembro de 2010

Reunión da Comisión Permanente do Observatorio de convivencia celebrada en Santiago de Compostela o día 18 de xaneiro de 2011.

Orde do día:

1. Análise do Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e elaboración de proposta de ditame sobre a mesma.

Reunión do Pleno do Observatorio de convivencia celebrada en Santiago de Compostela o día 24 de xaneiro de 2011.

Orde do día:

- Aprobación, se procede da acta anterior.
- Análise do Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e elaboración de ditame sobre a mesma.
- Rogos e preguntas.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos Málaga o día 3 de marzo de 2011.

Orde do día:

- Lectura e aprobación, no seu caso, da Acta I/2011.
- Reflexións e propostas para o desenvolvemento do XXI Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado polo Presidente do Consello Escolar da Ríoxa.
- Documento de traballo sobre “As diferenzas de xénero nos resultados do sistema educativo español” pola Presidenta do Consello Escolar de Navarra.
- Rogos e preguntas.

Asistencia ás Xornadas sobre o profesorado do Século XXI celebradas en Oviedo dos días 5 e 6 de abril de 2011.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en San Sebastián o día 13 de xullo de 2011.

Orde do día:

- Lectura e aprobación, no seu caso, da Acta II/2011.
- Preparación do XXI Encontro de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- Rogos e preguntas.

Resumo económico

7



RESUMO ECONÓMICO

Gastos facturados pola Oficina Técnica	Importe ano 2010
Mantemento xeral	2.697,87
Vixilancia e seguridade	18.189,31
Electricidade	3.214,43
Gasóleo	1135,05
Limpeza	8.592,94
Auga	239,28
Mantemento ascensores	362,21
Suma Parcial	34.431,09

Reunións Comisións	
Comisións permanentes e outras Comisións	8.406,30
Plenos	15.764,08
Suma Parcial	24.170,38

Informes e Estudos	
Estudo previo informe - Universidade de Santiago	11.000,00
Suma Parcial	11.000,00

Gastos Xornadas Consellos Escolares	
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	3.671,45
Xornadas organizadas polo Consello	2554,34
Suma Parcial	6.225,79

Retribución dietas	
Dietas	1.937,27
Suma Parcial	1.937,27

Outros gastos	
Fotocopiadora e fax	3.813,06
Colocación mesas para reunións plenos	0,00
Augas e coffe breack	179,82
Material de oficina	966,86
Subscrición revistas	0,00
Correos	0,00
Teléfono	944,95
Outros	874,8
Suma Parcial	6.779,49

Suma total	84.544,02
-------------------------	------------------

